

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO:HERMANOS QUIROGA

CURSO:5º E.P.

MATERIA:CIENCIAS NATURAIS

DEPARTAMENTO:

DATA:

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes	Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízala, obtén conclusións, elabora informes e comunica os resultados en diferentes soportes. Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico. Efectúa búsquedas guiadas de información na rede. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións. Utiliza algúns recursos ao seu alcance proporcionados polas tecnoloxías da información para comunicarse e colaborar.
Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano	Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano. Identifica as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.
Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas	Clasifica aos seres vivos e nomea as características atendendo ao seu reino: Reino animal. Reino das plantas. Reino dos fungos e outros reinos empregando criterios científicos e medios tecnolóxicos

Coñece e explica, con rigorosidade, as principais características e compoñentes dun ecosistema	Coñece e explica, con rigorosidade, as principais características e compoñentes dun ecosistema
Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións para determinar: a masa e o volume dun corpo	Utiliza diferentes procedementos para determinar a medida da masa e do volume dun corpo.
Identificar e explicar as características das fontes de enerxía renovables e non renovables e a súa influencia no desenvolvemento sostible	. Identifica algunhas actuacións humanas que modifican o medio natural e as causas de extinción de especies e explica algunhas actuacións para o seu coidado.
Planificar e construír, de forma cooperativa, un circuío eléctrico simple que responda a un problema dado, atendendo ás normas de seguridade	Constrúe unha pila caseira

2.Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: -Corrección de actividades de repaso -Avaliación do desempeño -Realización de actividades explicadas nun video.
	Instrumentos: -Mapas conceptuais. -Recursos interactivos e de apoio -Exercicios escritos enviados
Cualificación final	O procedemento para obter a cualificación final de curso será obtendo unha nota media coas cualificacións do primeiro e segundo trimestre. Coa realización axeitada do traballo de terceiro trimestre podería acadar unha subida de 1 punto na nota final.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	-Compoñentes do ecosistema -Órganos e funcións vitais -A estrutura dos seres vivos. -A masa e o volume -As fontes de enerxía e o medio ambiente.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	-A comunicación coas familias farase mediante correo electrónico e as tutorías virtuais utilizando a aplicación Zoom (coa correspondente autorización). - Actividades interactivas con ordenador ,tablet ou teléfono móbil.
Materiais e recursos	-Actividades escritas en papel. -Actividades interactivas e videos en dispositivo móbil ou ordenador.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	O alumnado será informado a través do correo electrónico de todo o relativo ao curso. Dende o colexio se publicitará toda a información referente ao terceiro trimestre por diversos medios así como por notificacións a través do sistema de ABALAR MÓBIL.En moitos casos o titor contactará directamente coas familias para comunicarlles a información que considere oportuna en función da situación académica do seu fillo,esta comunicación será por correo electrónico ou a través de chamadas telefónicas.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

